



XUNTA DE GALICIA

XEFATURA TERRITORIAL DA CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA. DELEGACIÓN TERRITORIAL DE LUGO

Anuncio

Resolución do 21 de febreiro de 2017 da Xefatura Territorial da Consellería de Economía, Emprego e Industria de Lugo, pola que se somete a información pública a petición de autorización administrativa previa e de construción dunha instalación eléctrica no concello de Viveiro. (Expediente IN407A 2016/130-2-8439-AT).

Para os efectos previstos na Lei 24/2013 do 26 de decembro (BOE nº. 310) do sector eléctrico, e no título VII do Real decreto 1955/2000, do 1 de decembro, (BOE nº. 310) polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministración e procedementos de autorización de instalacións de enerxía eléctrica, sométese a información pública a petición de autorización administrativa previa e de construción da instalación eléctrica que se describe:

- Solicitante: BEGASA
- Domicilio Social: Parque empresarial As Gándaras, r/ A, parcela U2, Lugo
- Denominación: automatización do CT (1436) Calvoso Chavín
- Situación: concello de Viveiro
- Características Técnicas:

1. Reforma do CT Calvoso Chavín, consistente en telemandar as celas de liña 27, 37 e 41, motorizando as tres celas e telemandar a instalación dun telemando para xestionar o funcionamento das liñas dende o centro de control do grupo VIESGO.

Todas aquelas persoas ou entidades que se consideren afectadas poderán examinar o proxecto e presentar as súas alegacións, nesta xefatura territorial, sita na Rolda da Muralla nº. 70-baixo 2- Lugo, no prazo de vinte días a partir do seguinte ao da última publicación desta resolución.

Lugo, 21 de febreiro de 2017.- A xefa territorial, Pilar Fernández López

R. 0645

Anuncio

Resolución do 1 de marzo de 2017 da Xefatura Territorial da Consellería de Economía, Emprego e Industria de Lugo, pola que se somete a información pública a petición de autorización administrativa previa e de construción dunha instalación eléctrica no concello de Lugo. (Expediente IN407A 2016/145-2-8454-AT).

Para os efectos previstos na Lei 24/2013 do 26 de decembro (BOE nº. 310) do sector eléctrico, e no título VII do Real decreto 1955/2000, do 1 de decembro, (BOE nº. 310) polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministración e procedementos de autorización de instalacións de enerxía eléctrica, sométese a información pública a petición de autorización administrativa previa e de construción da instalación eléctrica que se describe:

- Solicitante: BEGASA
- Domicilio Social: Parque empresarial As Gándaras, r/ A, parcela U2, Lugo
- Denominación: LMTS (20 KV), CT E RBT Rolda Muralla, 27-30
- Situación: concello de Lugo

- Características Técnicas:

1. LMT soterrada a 20 kv formada por un tramo de liña nova con orixe no CT proxectado Rolda Muralla 27-30 e final no CT Porta San Pedro (6815), desplázase un tramo de liña existente, CT Noreas- CT San Pedro ata o CT proxectado Rolda Muralla 27-30, cunha lonxitude de 150 metros de condutor tipo RHZ1-240.

2. CT non prefabricado Rolda Muralla 27-30, cunha potencia proxectada de 630 kvas e unha potencia inicial de 250 kvas, no cal se instalan dúas celas de liña e unha de protección, relación de transformación 20.000/400-230V.

3. Liña soterrada de baixa tensión con orixe no CT proxectado Rolda Muralla 27-30 formada por cinco circuitos en condutor tipo RV.

Todas aquelas persoas ou entidades que se consideren afectadas poderán examinar o proxecto e presentar as súas alegacións, nesta xefatura territorial, sita na Rolda da Muralla nº. 70-baixo 2- Lugo, no prazo de vinte días a partir do seguinte ao da última publicación desta resolución.

Lugo, 1 de marzo de 2017.- A xefa territorial, Pilar Fernández López

R. 0646

Anuncio

Resolución do 21 de febreiro de 2017 da Xefatura Territorial da Consellería de Economía, Emprego e Industria de Lugo, pola que se somete a información pública a petición de autorización administrativa previa e de construción dunha instalación eléctrica no concello de Mondoñedo. (Expediente IN407A 2016/121-2-8430-AT).

Para os efectos previstos na Lei 24/2013 do 26 de decembro (BOE nº. 310) do sector eléctrico, e no título VII do Real decreto 1955/2000, do 1 de decembro,(BOE nº. 310) polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministración e procedementos de autorización de instalacións de enerxía eléctrica, sométese a información pública a petición de autorización administrativa previa e de construción da instalación eléctrica que se describe:

- Solicitante: BEGASA

- Domicilio Social: Parque empresarial As Gándaras, r/ A, parcela U2, Lugo

- Denominación: automatización do CT 8297 Retorta

- Situación: concello de Mondoñedo

- Características Técnicas:

1. LMT soterrada a 20 kv en dobre circuito con orixe no apoio 63 da LMT Fazouro e final no CT Retorta, cunha lonxitude de 50 metros en condutor tipo RHZ1-240 mm.

2. Reforma do CT existente non prefabricado Retorta (8297), cunha potencia máxima admisible de 630 KVA e unha potencia instalada de 100 KVA, no que se constrúe un depósito de recollida de aceite, unha canle de celas de MT, un tabique de separación, un falso teito, unha porta de acceso ao trafo, unha porta de acceso as celas de MT, unha porta de acceso ao cadro de BT, reixas de ventilación e pintado de paredes, chan, teito. Instálanse dúas celas de liña e unha de protección, un cadro de baixa tensión, realízanse as pontes CT-MT e CT-BT e reinstálase o concentrador e o transformador de 100 KVA.

3. Instálanse dous mandos motores, dous reles de control, un relé electrónico e toroidales de intensidade, todo elo para telemandar dúas celas de liña, a 17 e a 27 dende o centro de control de VIESGO.

Todas aquelas persoas ou entidades que se consideren afectadas poderán examinar o proxecto e presentar as súas alegacións, nesta xefatura territorial, sita na Rolda da Muralla nº. 70-baixo 2- Lugo, no prazo de vinte días a partir do seguinte ao da última publicación desta resolución.

Lugo, 21 de febreiro de 2017.- A xefa territorial, Pilar Fernández López

R. 0647

Anuncio

Resolución do 1 de marzo de 2017 da Xefatura Territorial da Consellería de Economía, Emprego e Industria de Lugo, pola que se somete a información pública a petición de autorización administrativa previa e de construción dunha instalación eléctrica no concello de Lugo. (Expediente IN407A 2016/140-2-8449-AT).

Para os efectos previstos na Lei 24/2013 do 26 de decembro (BOE nº. 310) do sector eléctrico, e no título VII do Real decreto 1955/2000, do 1 de decembro,(BOE nº. 310) polo que se regulan as actividades de transporte,

distribución, comercialización, subministración e procedementos de autorización de instalacións de enerxía eléctrica, sométese a información pública a petición de autorización administrativa previa e de construción da instalación eléctrica que se describe:

- Solicitante: BEGASA
- Domicilio Social: Parque empresarial As Gándaras, r/ A, parcela U2, Lugo
- Denominación: LMT, CT e RBT para NS 40976 San Marcos, 4-6
- Situación: concello de Lugo
- Características Técnicas:

1. LMT soterrada a 20 kv en canalización proxectada (38 metros) e existente con orixe nun empalme proxectado na LMT existente entre o centro de reparto Conde e o centro de transformación Rivadeneira, entra e sae no centro de transformación proxectado San Marcos 4-6, e remata no centro de transformación Rivadeneira, cunha lonxitude de 466 metros en condutor tipo RHZ1-240.

2. Centro de transformación non prefabricado San Marcos 4-6, cunha potencia proxectada de 630 kvas e unha potencia inicial de 250 kvas, no cal se instalan dúas celas de liña e unha de protección, relación de transformación 20.000/400-230V.

3. Liña soterrada de baixa tensión (obra civil), cunha lonxitude de 3 metros.

Todas aquelas persoas ou entidades que se consideren afectadas poderán examinar o proxecto e presentar as súas alegacións, nesta xefatura territorial, sita na Rolda da Muralla nº. 70-baixo 2- Lugo, no prazo de vinte días a partir do seguinte ao da última publicación desta resolución.

Lugo, 1 de marzo de 2017.- A xefa territorial, Pilar Fernández López

R. 0648

EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

SECCIÓN DE ACTAS

Anuncio

Aprobada inicialmente polo Pleno desta Corporación en sesión ordinaria celebrada o día un de marzo de dous mil dezasete, a Ordenanza Xeral de Xestión, Recadación e Inspección dos ingresos de dereito público propios da Deputación Provincial e dos ingresos de dereito público cuxa xestión, recadación e inspección fose delegada nesta Deputación Provincial, exponse ao público na Secretaría desta Entidade Provincial, durante o prazo de trinta días, dentro dos cales os interesados poderán examinar o expediente, e presentar as reclamacións e suxestións que estimen oportunos, de conformidade co sinalado no art. 49 da Lei 7/85, de 2 de Abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.

Lugo, dous de marzo de dous mil dezasete.- **O PRESIDENTE**, Darío Campos Conde.- **O SECRETARIO**, Manuel Castiñeira Castiñeira.

R. 0593

CONSORCIO PROVINCIAL DE LUGO PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO CONTRA INCENDIOS E SALVAMENTO

Anuncio

DECLARACIÓN DE DESERTO DO PROCEDIMENTO DE SELECCIÓN PARA A PROVISIÓN DO POSTO DE XERENTE DO CONSORCIO PROVINCIAL DE LUGO PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO CONTRA INCENDIOS E SALVAMENTO E APERTURA DE NOVA CONVOCATORIA

En relación co procedemento de selección para a provisión do posto de Xerente do Consorcio Provincial de Lugo para a Prestación do Servizo contra Incendios e Salvamento, convocado mediante Resolución da Presidencia do Consorcio de data 6 de setembro do 2016, a Presidencia do Consorcio adoptou, con data, 3 de marzo do 2017 a seguinte resolución:

1) Acordar a declaración de deserto do procedemento de selección para a provisión do posto de Xerente do Consorcio Provincial de Lugo para a Prestación do Servizo contra Incendios e Salvamento convocado mediante Resolución da Presidencia do Consorcio de data 6-9-2016

2) Proceder a apertura dunha nova convocatoria de presentación de solicitudes para participar no proceso de selección para a provisión do posto de Xerente do Consorcio Provincial de Lugo.

A nova convocatoria rexerese integramente, en todos os seus trámites, polo procedemento indicado nas bases publicadas nos B.O.P. de Lugo número 222 de data 26 de setembro de 2016 (bases) e 225 de data 29 de setembro de 2016 (rectificación de bases).

3) Ordenar a súa publicación mediante anuncio da convocatoria do presente proceso selectivo no Boletín Oficial da Provincia de Lugo e na páxina web do Consorcio e da Deputación Provincial dispoñendo que os sucesivos anuncios deste procedemento sexan publicados na páxina web do Consorcio e da Deputación Provincial de Lugo e dispoñendo, así mesmo, que o prazo para presentar as solicitudes será de cinco días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

Contra a presente resolución, que esgota a vía administrativa, os interesados poderán interpoñer:

- Con carácter potestativo, recurso de reposición ante a Presidencia do Consorcio Provincial de Lugo para a Prestación do Servizo contra Incendios e Salvamento no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da publicación da presente resolución no Boletín Oficial da Provincia de Lugo (artigos 123 e seguintes da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas).
- Recurso contencioso - administrativo ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Lugo, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da publicación da presente resolución no Boletín Oficial da Provincia de Lugo (artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa).
No caso de interpoñer recurso de reposición, o prazo de interposición do recurso contencioso - administrativo, será de dous meses desde a notificación da resolución desestimatoria do recurso de reposición, se fose expresa, ou de seis meses desde a súa desestimación tácita, que se producirá no prazo de un mes non se resolve o recurso de reposición interposto.
- Todo elo sen prexuízo de que se exercite calquera outro recurso que se estime pertinente

Lugo, 3 de marzo do 2017, O Secretario Interventor, José Antonio Mourelle Cillero.

R. 0644

CONCELLOS

GUNTÍN

Anuncio

Aprobado inicialmente por el Pleno de la Corporación el expediente de modificación de créditos nº2/2017 dentro del vigente presupuesto municipal, en cumplimiento de lo dispuesto en el art. 177 en relación con el artículo 169 del Texto Refundido de la Ley Reguladora de las Haciendas Locales aprobada por el Real Decreto Legislativo 2/2004 de 5 de marzo, se expone al público en la Secretaría de este Ayuntamiento, por plazo de quince días hábiles, que empezarán a contarse desde el siguiente al de la inserción del presente edicto en el Boletín Oficial de la Provincia, a fin de que durante el mismo puedan formularse las reclamaciones que se consideren pertinentes, que deberán ser dirigidas al Sr. Alcalde-Presidente de esta Corporación.

Guntín, 3 de marzo de 2.017.- El Alcalde, Jesús Carreira Ferreiro.

R. 0650

Anuncio

Por Decreto da Alcaldía de 02 de marzo de 2017, prestouse aprobación inicial ao Padrón da taxa polo abastecemento de auga a domicilio, no que se inclúe o canon da auga correspondente ao cuarto bimestre do ano 2016.

Exponse ao público polo prazo de 15 días hábiles contados desde o seguinte ao da publicación deste anuncio no BOP de Lugo.

Recurso: Contra o Decreto de aprobación do padrón da taxa polo abastecemento de auga a domicilio, poderá interperse recurso de reposición.

Prazo de presentación do recurso: Un mes contado desde o día seguinte ao da finalización do periodo de exposición ao público dos padróns.

Órgano ante o que se recorre. Alcalde-Presidente do Concello de Guntín.

Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición, que no seu caso se formule, poderá interperse recurso contencioso-administrativo na forma e nos prazos que a tal efecto se establezan na Lei Reguladora da referida xurisdición.

A repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante o órgano económico-administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia, no prazo dun mes desde que se entende producida a notificación.

ANUNCIO DE COBRANZA

Para o cobro dos mesmos, os recibos seranlles cargados nas contas bancarias respectivas, e fíxase como período de cobro voluntario o prazo de dous meses, desde o 02 de marzo de 2017 ata o 01 de mayo de 2017. Finalizado o exercicio pasarase ao seu cobro pola vía de constrinximento, cos recargos previstos no artigo 28 da Lei 58/2003 de 17 de decembro, Facenda Pública, Lei Xeral Tributaria, a través do Servizo Provincial de Recadación da Excm. Deputación Provincial de Lugo.

No tocante ao canon da auga, a falta de pago no período voluntario suporá a súa esixencia directamente pola vía de constrinximento pola consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia.

A presente publicación, nos dous supostos, de edicto de exposición ao público do padrón e anuncio de cobranza, ten o carácter de notificación colectiva, ao amparo do establecido no artigo 102.3 da Lei Xeral Tributaria.

Guntín, 02 de marzo de 2017.- O Alcalde, Jesús Carreira Ferreiro.

R. 0651

MONFORTE DE LEMOS

Anuncio

APROBACION PADRÓN PREZOS PUBLICOS ESCOLAS MUSICA E DANZA FEBREIRO DE 2017

Por Xunta de Goberno Local do día 6 de marzo de 2017 aprobouse o Padrón dos Prezos Públicos Escolas Música e Danza de febreiro de 2017

De acordo co disposto no artigo 102.3 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, notifícanse colectivamente os recibos derivados deste padrón

De conformidade coa Ordenanza Xeral de ingresos municipais de dereito público, expóranse ao público nun prazo de 20 días, contados a partir do primeiro día do período de pago en voluntaria deste padrón, para que se poidan presentar as reclamacións pertinentes

De acordo co artigo 14.2 c) do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei das Facendas Locais, contra o acordo de aprobación dos padróns e das súas liquidacións poderase interpor recurso de reposición no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao remate da exposición pública dos padrón. Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formule, poderase interpor recurso contencioso-administrativo na forma e prazos que a tal efecto se establecen na Lei 25/98 de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa.

De acordo co disposto no artigo 62.3 da Lei Xeral Tributaria , fíxase como prazo de pago en período voluntario dende o 13 de marzo ata o 15 de maio de 2017

Advertítese que transcorrido o prazo de ingreso en período voluntario, as débedas serán esixidas pola vía de constrinximento, e devindicaranse as correspondentes recargas do período executivo, os xuros de mora, e no seu caso, as costas que se produzan

Monforte de Lemos, 6 de marzo de 2017.- O Alcalde-Presidente, José Tomé Roca

R. 0652

SAMOS

Anuncio

Aprobado pola Xunta de Goberno Local en sesión de 02/03/2017, os padróns municipais dos Prezos Públicos polos servizo de axuda no fogar e polos servizos de axuda no fogar e vivendas comunitarias/apartamento tutelado, correspondentes a FEBREIRO de 2017, expóñense ao público polo prazo de 15 días contados dende o seguinte ao da publicación deste anuncio no BOP, rematado este prazo sen presentarse reclamacións, entenderanse definitivamente aprobados.

O cobro dos mesmos realizarase mediante ingreso dos contribuintes na conta do Concello no Banco Pastor, Banco Santander ou BBVA.

Fixanse como período de cobro en voluntaria:

- * Do Prezo Público polo servizo de axuda no fogar con carácter posterior á prestación do servizo é carácter específico, durante os vinte primeiros días do mes seguinte.

- * Do Prezo Público polo servizo de vivendas comunitarias e apartamento tutelado o prazo de cinco días, dende o seguinte a exposición deste anuncio no BOP.

Este anuncio ten carácter de notificación colectiva ó amparo do previsto no artigo 102.3 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral Tributaria. Durante o devandito prazo os interesados poderán examinar e formular contra os actos que se notifican ante a Xunta de Goberno Local deste Concello, recurso de reposición previo ao contencioso administrativo, no prazo dun mes a contar dende a exposición pública dos padróns. Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formulen poderá interperse recurso contencioso-administrativo na forma e nos prazos que a tal efecto se establecen na Lei Reguladora da referida xurisdicción.

Transcurrido o período de pago en voluntaria as débedas serán esixidas polo procedemento de apremio a través do servizo provincial de recaudación.

En Samos a 2 de marzo de 2017.- O Alcalde Presidente, Julio Gallego Moure

R. 0653

MINISTERIO DE AGRICULTURA E PESCA, ALIMENTACIÓN E MEDIO AMBIENTE
CONFEDERACIÓN HIDROGRÁFICA DO CANTÁBRICO. COMISARÍA DE AUGAS.

Anuncio

Expediente: A/27/20980

De acordo con lo previsto en el artículo 116 del Reglamento de Dominio Público Hidráulico aprobado por Real Decreto 849/1986 de 11 de abril (B.O.E. del día 30) y sus posteriores modificaciones, se hace público, para general conocimiento, que por resolución de la Confederación Hidrográfica del Cantábrico, de fecha 20 de febrero de 2017 y como resultado del expediente incoado al efecto, le ha sido otorgada a Carlos Fernández Méndez, la oportuna concesión para aprovechamiento de agua de la Fonte da Horta en A Pedreira (Queizan), T.M. de Navia de Suarna (Lugo), con destino al riego.

Oviedo, 20 de febrero de 2017.- EL JEFE DE ÁREA, David Pérez Méndez-Castrillón

R. 0604
